

ABRIL
2026



A "NOSA PASCUA"



SÁBADO DÍA 4 ÁS 9´30 CHEGA A NOSA PASCUA NO PAVILLÓN DE FORNELOS

Unha vez máis, un ano máis, queremos, pola PASCUA facer a "NOSA PASCUA". Voltamos reunimos as dez parroquias para compartir a Pascua en Os Cotos. Cristo é para todos, e que menos, que todos unírmonos para celebralo. "Non queremos faltar". Facémolo cos remendos que fomos atopando na coesma: irmandade e a paz, esforzo e a loita, ganas de vivir, agarimo e respecto, e dar unha man.

Remendando así a vida e querendo facela mellor queremos facer partícipe desta Festa da Pascua a todas as persoas das nosas parroquias, que por saúde, idade, ou outras razóns, non van poder estar con nós na festa de Os Cotos. Queremos que a Pascua chegue ás súas casas, e a través do grupo de cáritas, con avisarnos, comprometémonos a achegarlle "a luz e a auga" pascual.

FAGAMOS CRIBLE A PASCUA



242 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"

4-5 de abril do 2026
Domingo da Resurrección



É o día en que conmemoramos a resurrección de Xesús, aos tres días da súa morte. Representa a vitoria sobre a morte e ofrece a esperanza da vida eterna.



Fe: Sen a resurrección a fe cristián carecería de sentido.

Simboliza: Renovación espiritual, esperanza e novos comezos, triunfo sobre o ben e o mal.



Renovación e Esperanza: Celébrase como tempo de alegría, renovación espiritual e novos comezos.



Cerre da Semana Santa: Marca o fin da Semana Santa e o inicio do tempo da Pascua, que durará 50 días ata a festa de Pentecoste.

O Papa León XIV: "A PASCUA"

"O Papa León XIV destaca a Pascua como un triunfo da esperanza e da luz. Na Pascua o amor venceu o odio, porque a resurrección non elimina a cruz, senón que a supera. Invita a transformar as nosas vidas porque na Resurrección somos convidados a vivir a alegría da Pascua diariamente"

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE ABRIL

DÍA 5	LECTURA	Feit 10, 34.37-43	Fálovos de Xesús "O RESUCITADO"
	EVANXEO	Xn 20, 1-9	O discípulo entrou no sepulcro "viu e creu"
DÍA 12	LECTURA	Feit 2, 42-47	A primeira comunidade vive en comunidade
	EVANXEO	Xn 20, 19-31	Di o Resucitado: Paz con vós
DÍA 19	LECTURA	Feit 2, 14. 22-33	Dígovos que a este Xesús resucitouno Deus
	EVANXEO	Lc 24, 13-35	Os de Emaús recoñecérono ao partir o pan
DÍA 26	LECTURA	Feit 2, 14.36-41	Crede, cambiade e bautizádevos
	EVANXEO	Xn 10, 1-10	Di Xesús: eu son o Pastor que vos coida